8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN DE LUGO CON FONDOS PROPIOS AO PROXECTO “CREACIÓN EXPERIENCIA TURISMO DE EMBALSES DE ESPAÑA”, NO MARCO DA CONVOCATORIA CORRESPONDENTE AO ANO 2023 DO PROGRAMA "EXPERIENCIAS TURISMO ESPAÑA": PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION EU.

Logo de ver a proposta que textualmente dí o seguinte:

“Antecedentes.

Primeiro.- Con data 02.08.2023 o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, publica no BOE o Extracto da Orde do 26 de xullo de 2023, pola que se efectúa a convocatoria correspondente ao ano 2023 do Programa “Experiencias Turismo España” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De conformidade coas mesmas, estas axudas están destinadas a impulsar proxectos de redes de actores que desenvolvan experiencias turísticas sostibles, dixitais,

	IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Fecha y Hora	19/12/2024 13:00:01
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Página	60/74





integradoras e competitivas en España, que se repliquen no territorio nacional ou no territorio de, polo menos, tres comunidades autónomas.

Os beneficiarios poderán presentarse a título individual ou como parte dun proxecto de cooperación, conforme ao establecido no artigo 11.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e o artigo 67ii do Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia:

O importe do financiamento a conceder segundo a orde reguladora das axudas será do 100 por 100 sobre o orzamento do proxecto que fose considerado financiable. Cada proxecto individual poderá ter unha contía mínima de 100.000 euros e unha contía máxima de 1.000.000 euros. A contía percibida por cada beneficiario non superará os 200.000 euros. No caso de que os beneficiarios presenten proxectos en agrupación, o cómputo desta contía máxima realizarase a nivel de cada un destes beneficiarios que forme parte da agrupación.

Segundo.- Con data 07.09.2023, a Área de Reto Demográfico, Desenvolvemento Sostible, Xuventude e Turismo da Deputación de Cáceres manifesta que leva un tempo traballando no desenvolvemento de accións dirixidas a favorecer ecoexperiencias en destinos de auga de interior e que ten intención de presentar un proxecto ao Programa "Experiencias Turismo España", convocatoria 2023.

Ten a intención de presentarse liderando un proxecto de cooperación ao que se suman as seguintes entidades: Deputación de Badajoz, Asociación Turística Terras de Iranzo-Ko-Lurrak (Navarra), Mancomunidade Valle Norte de Lozoya (Madrid), Asociación para el Desarrollo Integral de la Sierra Oeste de Madrid e Federación Nacional de Asociaciones y Municipios con Centrales Hidroeléctricas y Embalses (Femembalses).

E invitan á Deputación de Lugo a formar parte do devandito proxecto incorporándose á Agrupación que se constituirá ao efecto para a solicitude das axudas do Programa "Experiencias Turismo España", convocatoria 2023.

Terceiro.- O proxecto para o que se solicitará esta axuda por parte da mencionada Agrupación, presentarase pola contía máxima permitida polas bases reguladoras (1.000.000,00 euros). A contía das actuacións financiáveis a desenvolver pola Deputación de Lugo dentro deste proxecto ascenderá como máximo a 200.000,00 euros sen considerar impostos.

Dado que o importe do financiamento a conceder segundo a orde reguladora das axudas será do 100 por 100 sobre o orzamento do proxecto que fose considerado financiable e tendo en conta que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos, a achega da Deputación de Lugo a este proxecto con fondos propios sería como máximo de 42.000,00 euros.

As cantidades anteriores teñen a consideración de máximas pero poderán sufrir algunha modificación á baixa en función das actuacións solicitadas que se consideren financiáveis e da resolución de concesión das axudas.

De resultar beneficiaria a Agrupación, a Deputación de Lugo tería a consideración de beneficiaria da subvención, e sería responsable solidariamente respecto do conxunto de actividades subvencionadas a desenvolver pola agrupación, incluíndo a obriga

	IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Fecha y Hora	19/12/2024 13:00:01
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Página	61/74



de xustificar, o deber de reintegro ou de reembolso de cotas de préstamos, e as responsabilidades por infraccións

Segundo se determina no informe da Intervención Xeral de 14.09.2023:

O importe máximo total correspondente a achega da Deputación ascende a 42.000,00 € a executar durante as anualidades 2023, 2024 e 2025.

Tendo en conta que o importe máximo que asumirá a Deputación da parte non subvencionada é condicionada á data de resolución favorable da axuda e que o prazo de execución das actuacións non poderá superar os dezaoto meses contados desde a resolución de concesión, posponse a este momento a consignación, debendo adoptarse o compromiso de incluír, no seu caso, nos orzamentos do 2024 e 2025, os importes correspondentes na aplicación orzamentaria segundo a natureza da actividade a realizar, quedando supeditados á dispoñibilidade orzamentaria e a o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no suposto de concesión da subvención.

Con data 15.09.2023, a Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión ordinaria adopta acordo que, na súa parte dispositiva di:

Primeiro.- Aprobar a incorporación da Deputación de Lugo como parte dun proxecto de cooperación co obxecto de solicitar as axudas reguladas na Orde do 26 de xullo de 2023, pola que se efectúa a convocatoria correspondente ao ano 2023 do Programa “Experiencias Turismo España” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Para a solicitude da axuda constituirase unha Agrupación de Entidades conformada pola Deputación de Lugo, Deputación de Cáceres, Deputación de Badajoz, Asociación Turística Terras de Iranzo-Ko-Lurrak (Navarra), Mancomunidade Valle Norte de Lozoya (Madrid), Asociación para el Desarrollo Integral de la Sierra Oeste de Madrid e a Federación Nacional de Asociaciones y Municipios con Centrales Hidroeléctricas y Embalses (Femembalses). Corresponderalle á Deputación de Cáceres actuar como representante da agrupación de acordo previsto no artigo 4.2, letra d) das bases reguladoras destas axudas


O proxecto para o que se solicitará esta axuda por parte da mencionada Agrupación, presentarase pola contía máxima permitida polas bases reguladoras (1.000.000,00 euros). A contía das actuacións financiáveis a desenvolver pola Deputación de Lugo dentro deste proxecto ascenderá como máximo a 200.000,00 euros sen considerar impostos.

Dado que o importe do financiamento a conceder segundo a orde reguladora das axudas será do 100 por 100 sobre o orzamento do proxecto que fose considerado financiável e tendo en conta que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos, a achega da Deputación de Lugo a este proxecto con fondos propios será como máximo de 42.000,00 euros.

As cantidades anteriores teñen a consideración de máximas pero poderán sufrir algunha modificación á baixa en función das actuacións solicitadas que se consideren financiáveis e da resolución de concesión das axudas.

Segundo.- Aprobar o texto do Acordo privado para crear unha agrupación, elaborado pola Deputación de Cáceres consonte ao modelo establecido na Orde ICT/1244/2022, de 13 de decembro, pola que se modifica a Orde ICT/1524/2021, do 30 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o Programa

	IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Fecha y Hora	19/12/2024 13:00:01
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Página	62/74





«Experiencias Turismo España» e apróbase a súa convocatoria para o exercicio 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo para subscribir o Acordo privado para crear unha agrupación anteriormente citado, así como calquera outro documento necesario para a consecución do propósito.

Cuarto.- No caso de resultar beneficiaria da devandita subvención, a Deputación de Lugo asumirá o compromiso de cofinanciar con fondos propios a parte non subvencionada, que como máximo ascenderá a 42.000,00 euros, a executar previsiblemente nas anualidades 2023, 2024 e 2025 tendo en conta que non existe unha data certa para a resolución da convocatoria de axudas e que o prazo de execución de actuacións non poderá superar os dezaoto meses contados desde a resolución de concesión.

No caso de que a resolución de concesión das axudas se efectúe no 2023, a consignación orzamentaria para esta anualidade realizarase no momento da aceptación da resolución favorable da axuda. Para as seguintes anualidades, deberá adoptarse o compromiso de incluír, nos orzamentos xerais das mesmas, os importes correspondentes nas aplicacións orzamentarias segundo a natureza das actividades a realizar, quedando supeditados á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no suposto de concesión do proxecto.

Cuarto.- Con data 19.09.2023 procédese por parte do Presidente da Deputación de Lugo á sinatura electrónica do Acordo de colaboración para agrupación de entidades sen personalidade xurídica. Xunto con esta Deputación asinan o devandito acordo as seguintes entidades: Deputación de Cáceres, Deputación de Badajoz, Asociación Turística Terras de Iranzo-Ko-Lurrak (Navarra), Mancomunidade Valle Norte de Lozoya (Madrid), Asociación para el Desarrollo Integral de la Sierra Oeste de Madrid e a Federación Nacional de Asociaciones y Municipios con Centrales Hidroeléctricas y Embalses (Femembalses).

Corresponderalle á Deputación de Cáceres actuar como representante da agrupación de acordo previsto no artigo 4.2, letra d) das bases reguladoras das axudas.

Con data 20.09.2023 a Deputación de Cáceres procede á solicitude de axudas ante o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo segundo o seguinte detalle:

	IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Fecha y Hora	19/12/2024 13:00:01
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Página	63/74



3.1 ENTIDADES PARTICIPANTES EN EL PROYECTO			
Función	NIF	Nombre/Razón Social	Ayuda Solicitada (PROGRAMA ETE) (€)
COORDINADOR	P1000000H	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE CÁCERES	182.500
PARTICIPANTE	G31894173	ASOCIACIÓN TURÍSTICA TIERRAS DE IRANZU-KO-LURRAK	90.000
PARTICIPANTE	G81533929	ASOCIACIÓN PARA EL DESARROLLO INTEGRAL DE LA SIERRA OESTE DE MADRID	90.000
PARTICIPANTE	P0600000D	DIPUTACIÓN DE BADAJOZ	182.500
PARTICIPANTE	P2800074C	MANCOMUNIDAD DE SERVICIOS DEL VALLE NORTE DEL LOZOYA	90.000
PARTICIPANTE	G25352493	FEDERACION DE ASOCIACIONES Y MUNICIPIOS CON CENTRALES HIDROELECTRICAS Y EMBALSES	182.500
PARTICIPANTE	P2700000I	DIPUTACIÓN DE LUGO	182.500
Total			1.000.000

Quinto.- O 10.10.2024, o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo resolve a concesión de axudas para o devandito proxecto nomeado Creación Experiencia Turismo de Embalses de España (número de expediente: ETE-010000-2023-66) por importe de 700.000,00 €, xunto coas condicións a cumprir polos beneficiarios. No Anexo I da devandita resolución realiza unha distribución do orzamento solicitado e concedido a cada entidade e que, no caso da Deputación de Lugo, ascende á cantidade de 127.750,00 €, de acordo co detalle que se amosa en cadro xunto:

P2700000I - EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Presupuesto solicitado del proyecto	PRESUPUESTO financiable (€)	SUBVENCIÓN propuesta (€)
Gastos de personal directamente relacionado con la puesta en marcha del proyecto	36.500,00	36.500,00
Gastos relacionados con la creación de redes de actores	0,00	0,00
Gastos de viajes y manutención	1.000,00	1.000,00
Gastos de asistencias externa, elaboración de protocolos o informes previos	21.000,00	21.000,00
Gastos soluciones tecnológicas y de transformación digital	0,00	0,00
Gastos e inversiones en obras de rehabilitación y mejora	0,00	0,00
Gastos de formación y sensibilización	30.450,00	30.450,00
Gastos relacionados con comunicación	37.800,00	37.800,00
Gastos de material fungible	0,00	0,00
Gasto derivado de la revisión de cuenta justificativa por el auditor	1.000,00	1.000,00
TOTAL ACTUACIONES	127.750,00	127.750,00

NOTA: Todos los datos económicos en euros y con dos decimales

Consideracións.

Primeira.- No que se refire ao importe subvencionable, á vista da devandita resolución obsérvase que rebaixa o orzamento financiable do proxecto inicial nun 30%. Isto suporá na execución reaxustar as actuacións do proxecto á cantidade subvencionable. En ningún caso implicará unha maior achega por parte das Entidades agrupadas.

	IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Fecha y Hora	19/12/2024 13:00:01
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Página	64/74





Obsérvase, así mesmo, que no caso das Deputacións que participan no proxecto a cantidade final concedida é de 127.750,00 €.

No caso desta Entidade, no citado acordo adoptado pola Xunta de Goberno, se estimou que o importe máximo total correspondente a achega da Deputación ascendía a 42.000,00 € a executar durante as anualidades 2023, 2024 e 2025. Esta cantidade máxima derivaba de estimar que o custo dos impostos indirectos (non subvencionables) aplicaba sobre a totalidade do orzamento inicial previsto e supoñendo un IVE dun 21%.

A realidade final determina que a cofinanciación máxima que debe comprometer a Deputación rebáixase a 26.827,50€.

Trátase dunha cantidade estimada a máximos aplicando o principio de prudencia financeira, aínda que é previsible que algunha das actuacións que se compromete a executar a Deputación ou ben non leven aparelados impostos indirectos ou poidan ser porcentaxes menores. Pode ocorrer, así mesmo, que durante a súa execución, o proxecto poida sufrir algunha reformulación que poida derivar na variación das accións deseñadas inicialmente para cada unha das Entidades agrupadas.

Segunda.- No que se refire ao prazo para executar o proxecto, a Resolución determina que os investimentos e gastos financiados previstos deberán realizarse no prazo comprendido no apartado 13º da Orde da Secretaría de Estado de Turismo de 26 de xullo de 2023 pola que se efectúa a convocatoria correspondente ao ano 2023 do Programa de Experiencias Turismo España.

O devandito apartado di con carácter textual:

Décimo terceiro. Período de realización dos proxectos e actuacións subvencionables.

O período de duración dos proxectos será de dezoito meses desde o momento da concesión da axuda. Con todo, nos proxectos que se presenten a esta convocatoria poderán financiarse gastos devindicados e pagos desde o 1 de xaneiro de 2023, sempre que correspondan a actividades incluídas no proxecto, e ata a data de finalización do período de execución, de acordo ao establecido no artigo 9.1 da orde ICT/1524/2021, do 30 de decembro, modificada pola Orde ICT/1244/2022, do 13 de decembro. Quedan excluídos aqueles proxectos terminados a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Durante a anualidade 2024, a Deputación de Lugo non vai realizar acción algunha das que ten encomendadas dentro deste proxecto.

Terceira.- Respecto do órgano competente, o Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial, publicado no BOP de Lugo Núm. 202 de data 3 de setembro de 2020, establece no seu artigo 59 que lle corresponde á Xunta de Goberno as seguintes atribucións, entre outras, delegadas do Presidente e do Pleno:

(...)17. Solicitud de subvencións a organismos oficiais e privados cando a devandita competencia non sexa atribución do presidente/a.(...)"

Vense considerando que a Xunta de Goberno é a competente tanto en materia de contratación, como de subvencións e convenios cando o seu importe supera o dos contratos menores.

Polo tanto, neste caso a competencia para comprometer ás achegas económicas da Deputación de Lugo a este proxecto corresponde á Xunta de Goberno.

	IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Fecha y Hora	19/12/2024 13:00:01
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Página	65/74



Polo anteriormente exposto, dado o condicional determinado no momento de adopción do acordo de incorporación á devandita agrupación no que se pospoñía a adopción do compromiso de consignación pola parte non subvencionada quedando supeditado á resolución da axuda e á vista da devandita resolución e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, esta Presidencia propón á Xunta de Goberno que se adopten os seguintes acordos:

Aprobar a achega máxima da Deputación de Lugo con fondos propios ao proxecto nomeado Creación Experiencia Turismo de Embalses de España, por un importe de 26.827,50 €. Estímase que as accións a executar no devandito proxecto por parte da Deputación de Lugo realizaranse na súa totalidade en 2025.

Como resultado da execución do proxecto, este importe pode sufrir variacións á baixa en función da planificación e/ou reformulación/modificación das actividades a realizar polos diferentes socios, pero en ningún caso poderá superar esta cantidade. Así mesmo, os prazos poden ser obxecto de variación en función das modificacións na instrucións reguladoras da axuda.

Durante a anualidade 2024, a Deputación de Lugo non vai realizar acción algunha das que ten encomendadas dentro deste proxecto.

A Xunta de Goberno queda enterada da resolución de data 10.10.2024 da Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo pola que se resolve a concesión de axudas para o proxecto proxecto nomeado Creación Experiencia Turismo de Embalses de España (número de expediente: ETE-010000-2023-66), por importe de 700.000,00€, xunto coas condicións a cumprir polos beneficiarios. No Anexo I da devandita resolución realizase unha distribución do orzamento solicitado e concedido a cada entidade e que, no caso da Deputación de Lugo, ascende á cantidade de 127.750,00 €, de acordo co detalle que se amosa en cadro xunto:

P27000001 - EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Presupuesto solicitado del proyecto	PRESUPUESTO financiable (€)	SUBVENCIÓN propuesta (€)
Gastos de personal directamente relacionado con la puesta en marcha del proyecto	36.500,00	36.500,00
Gastos relacionados con la creación de redes de actores	0,00	0,00
Gastos de viajes y manutención	1.000,00	1.000,00
Gastos de asistencias externa, elaboración de protocolos o informes previos	21.000,00	21.000,00
Gastos soluciones tecnológicas y de transformación digital	0,00	0,00
Gastos e inversiones en obras de rehabilitación y mejora	0,00	0,00
Gastos de formación y sensibilización	30.450,00	30.450,00
Gastos relacionados con comunicación	37.800,00	37.800,00
Gastos de material fungible	0,00	0,00
Gasto derivado de la revisión de cuenta justificativa por el auditor	1.000,00	1.000,00
TOTAL ACTUACIONES	127.750,00	127.750,00

NOTA: Todos los datos económicos en euros y con dos decimales

	IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Fecha y Hora	19/12/2024 13:00:01
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Página	66/74





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURALS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, NA ANUALIDADE 2024.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno de data 22 de marzo de 2024, acordou a aprobación das bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencions destinadas a Entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2024.

Tendo en conta que o correspondente anuncio do extracto das bases da convocatoria e dos modelos de solicitude se publicou no BOP nº 082 de 9 de abril de 2024.

A Vista de que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 15 de novembro de 2024, aprobou a resolución provisional de concesión de subvencions en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2024.

Tendo en conta que nas Bases da convocatoria se establece un prazo de dez (10) días para que os interesados poidan presentar alegacións e que a notificación aos beneficiarios realizouse a través de publicación no BOP nº 267 de data 19 de novembro de 2024.

Tendo en conta que consta alegacións formuladas ao referido acordo de resolución provisional de acordo co punto “10.- Acordos de concesión e comunicación/notificacións”.


(...)

“1. No caso de presentarse alegacións no trámite de audiencia, o órgano instrutor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de resolución definitiva na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencions e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes.

2. En base á proposta do órgano instrutor a Xunta de Goberno resolverá o procedemento.”

(...)

	IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Fecha y Hora	19/12/2024 13:00:01
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Página	67/74



A vista de que con data 9 de decembro de 2024 celebrouse reunión da Comisión de Avaliación para os efectos de avaliación e informe relativo ás alegacións formuladas ao acordo de Resolución provisional e que constan na respectiva acta.

Por todo o exposto:

A vista do informe da Comisión de avaliación.

A vista do informe do Servizo de Cultura.

Visto o informe do servizo de Intervención.

A Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno, en base á proposta da Comisión de Avaliación:


1º.- Desestimar a alegación presentada por D. Dario Lodeiro Torres, con DNI 76****49 N, en calidade de Presidente da Asociación Cultural Lodeiro, con CIF G27****64, que presenta escrito de alegación en data 26 de novembro de 2024, con número de rexistro 2024RT020535, en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno do día 19 de novembro de 2024, en aplicación do establecido nos puntos 1 e 3 das Bases da Convocatoria.

2º.- Desestimar a alegación presentada por D^a María José Freire García, con DNI 43****46 L, en calidade de Presidenta da Asociación Cultural Osorio Gutierrez, con CIF G27****90, que presenta o día 23 de novembro de 2024, a documentación requirida de acordo ao establecido na Resolución da Presidencia de data 8 de outubro de 2024, en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno do día 19 de novembro de 2024, segundo o establecido no punto 8 das Bases da Convocatoria e no artigo 30 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3º.- Desestimar a alegación presentada por D. Manuel José Vázquez Regal, con DNI 34****62 C, en calidade de Presidente da Asoc Cultural Amigos do Folión, con CIF G27****38, que presenta escrito de alegación en data 27 de novembro de 2024, con número de rexistro 2024RT020618, en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno do día 19 de novembro de 2024, en aplicación do establecido no punto 3 das Bases da convocatoria.

4º.- Desestimar a alegación presentada por D^a Elba María Álvarez Romaríz, con DNI 32****38 E, en calidade de Presidenta da ANPA do CEIP Virxe do Carme de Burela, con CIF G27****04, que presenta escrito de alegación en data 3 de decembro de 2024 con número de rexistro 2024RT020991 en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno do día 19 de novembro de 2024, en aplicación do punto 8 das Bases da convocatoria e do establecido no artigo 30 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

	IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Fecha y Hora	19/12/2024 13:00:01
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Página	68/74





5º.- Estimar parcialmente a primeira parte da alegación en relación á presentación de nova documentación sobre o domicilio social en Pantón, presentada por D. Lucas Xavier Vázquez Digón, con DNI 45****12 X, en calidade de Presidente da Asociación Cultural Segredos de Pantón, con CIF G 32****19, que presenta escrito de alegación en data 21 de novembro de 2024 con número de rexistro 2024RT007159. Non obstante procede desestimar a estimación da concesión solicitada en aplicación do establecido no punto 7 das Bases da convocatoria “importe da subvención”.

6º.- Non admitir a presentación da documentación de solicitude de concesión presentada por D. Jesús F. Vigo Mercador, con DNI 76****92R, en calidade de Presidente da Asociación Cultural e Deportiva de Arbol, con CIF G27****81, en data 19 de novembro de 2024, con número de rexistro 2024RT020116, en aplicación do punto 8 das Bases da Convocatoria.

7º.- Aprobar a resolución definitiva de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2024, na que se reflicte o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, e que constan nas listaxes que se achegan anexadas ás actas da Comisión de Avaliación, e que reflicten, ademais, o resto das solicitudes que non cumpriron os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

8º.- Notificar o presente acordo de resolución definitiva ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A INVERSIONES EN INSTALACIONES DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS REALIZADOS POR ASOCIACIONES CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2024.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno de data 22 de marzo de 2024, acordou a aprobación das bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalación culturais e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2024.

	IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Fecha y Hora	19/12/2024 13:00:01
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Página	69/74



Tendo en conta que o correspondente anuncio do extracto das bases da convocatoria e dos modelos de solicitude se publicou no BOP nº 082 de 9 de abril de 2024.

A Vista de que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 15 de novembro de 2024, aprobou a resolución provisional de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a investimentos en instalación culturais e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo na anualidade 2024, tendo en conta que, de acordo ás Bases da convocatoria se establece un prazo de dez (10) días, para que os interesados poidan presentar alegacións e que a notificación aos beneficiarios realizouse a través de publicación no BOP nº 267 de data 19 de novembro de 2024.

Tendo en conta que consta alegacións formuladas ao referido acordo de resolución provisional de acordo co punto “10.- Acordos de Concesión e comunicación/notificacións”.

(...)

“1. No caso de presentarse alegacións no trámite de audiencia, o órgano instructor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de resolución definitiva na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes.

2. En base á proposta do órgano instructor a Xunta de Goberno resolverá o procedemento.”

(...)

A vista de que con data 9 de decembro de 2024 celebrouse reunión da Comisión de Avaliación para os efectos de avaliación e informe relativo ás alegacións formuladas ao acordo de Resolución provisional e que constan na respectiva acta.

Por todo o exposto:

A vista do informe da Comisión de avaliación.

A vista do informe do Servizo de Cultura.

Visto o informe do servizo de Intervención.

A Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno, en base á proposta da Comisión de Avaliación:

1º.- Desestimar a alegación formulada por D^ª. Nuria González Barcia con DNI 77****38G, en calidade de presidenta da Asoc. Recreativa e Cultural de Apoio ás persoas afectadas de cancro “Esperanza”, con CIF G27****71, que presenta alegacións o día 19 de novembro de 2024, baixo o número 2024RT020146, en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno do día 15 de novembro de 2024, en aplicación ao punto 3 das Bases da convocatoria.

	IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Fecha y Hora	19/12/2024 13:00:01
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Página	70/74





2º.- Desestimar a alegación formulada por D. Ricardo García López con DNI 33****87J, en calidade de presidente da Asoc. Cultural A Rebolaxe, con CIF G27****30, que presenta alegacións o día 20 de novembro de 2024, baixo o número 2024RT020228 en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno do día 15 de novembro de 2024, en aplicación ao punto 8 das Bases da convocatoria.

3º.- Desestimar a alegación formulada por D. José Andrés Graña Pena con DNI 33****72Z, en calidade de presidente da Asoc. Cultural Cadabatú, con CIF G70****78, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno do día 15 de novembro de 2024, en aplicación ao punto 8 das Bases da convocatoria.

4º.- Desestimar a alegación formulada por D^a. Elba María Álvarez Romalde con DNI 32****38E, en calidade de presidenta da Apa Colexio Virxe do Carme de Burela, con CIF G27****04, que presenta alegacións o día 3 de decembro de 2024, baixo o número 2024RT010989 en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno do día 15 de novembro de 2024, en aplicación ao punto 8 das Bases da convocatoria.

5º.- Aprobar a resolución definitiva de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a investimentos en instalación culturais e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo na anualidade 2024, na que se reflicte o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, e que constan nas listaxes que se achegan anexadas ás actas da Comisión de Avaliación, e que reflicten, ademais, o resto das solicitudes que non cumpriron os requisitos establecidos nas bases.

6º.- Notificar o presente acordo de resolución definitiva ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO AO COBRO DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIONES CULTURAIS E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS, REALIZADOS POLAS ASOCIACIONES CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades culturais que se reflicten na listaxe anexa, correspondentes ás subvencións concedidas, por acordo da Xunta de

	IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Fecha y Hora	19/12/2024 13:00:01
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Página	71/74



Goberno de data 15 de decembro de 2023, ao abeiro da convocatoria polo procedemento de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións culturais e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais, na anualidade 2023, convocado mediante extracto da convocatoria publicada no BOP nº 104 de 8 de maio de 2023.

Visto o informe do Servizo de Cultura no que se indica:

“1. Na Xunta de Goberno do día 28 de abril de 2023, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións culturais e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais, na anualidade 2023, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.

2. Con data 8 de maio de 2023, a convocatoria publícase no Boletín Oficial da Provincia número 104, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do citado extracto da convocatoria.

3. Con data 15 de decembro de 2023, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión definitiva de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións culturais e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais na anualidade 2023, así como as solicitudes desestimadas

4. Con data 19 de decembro de 2023, publícase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 289, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 15 de decembro de 2023.

5. A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.


6. A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2024

(...).

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen que achegase a conta xustificativa, requirirase ao beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de quince días hábiles. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional

	IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Fecha y Hora	19/12/2024 13:00:01
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Página	72/74





dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.”

7. Que unha vez finalizado o prazo para a entrega das contas xustificativas e revisadas as mesmas polo Servizo de Cultura, detectáronse unha serie de deficiencias, motivo polo cal, as asociacións que figuran na relación que se adxunta foron requiridas por Resolución de Presidencia, de data 17 de outubro de 2024, para que nun prazo de 10 días procederan á súa emenda en virtude do sinalado no punto 3, 11 e 12 das Bases reguladoras do mencionado concurso e, no artigo 71.2 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención. Así mesmo, advertíaseles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levaría consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, de conformidade co establecido no artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

8. Transcorrido o citado prazo de 10 días que se lles concedeu ás asociacións relacionadas, e non sendo atendido o citado requirimento, ou sendo atendido este pero presentada a documentación incorrectamente, a Presidencia desta Excm. Deputación de Lugo, resolveu, con data 19 de novembro de 2024, iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva destinadas a investimentos en instalacións culturais e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais, na anualidade 2023, aprobadas pola Xunta de Goberno do día 15 de decembro de 2023, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.


9. Con data 20 de novembro de 2024, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada, na que se lles comunica que, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa lles foron requiridos no seu momento.

10. Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de audiencia, as asociacións culturais que se reflicten na listaxe anexa, non presentaron na Deputación de Lugo, alegacións ou documentación que subsanen a súa conta xustificativa.

En base ao antedito, esta Xefatura de Servizo informa:

Que procede declarar a perda do dereito ao cobro total das subvencións que se reflicten na listaxe, concedidas, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 15 de decembro de 2023, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a investimentos en instalacións culturais e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais, na anualidade 2023, convocado mediante anuncio publicado no

	IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Fecha y Hora	19/12/2024 13:00:01
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Página	73/74



BOP n.º 104 de 8 de maio de 2023, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS, e dos puntos 11 e 12 das Bases da Convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, a Deputada Delegada que suscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións que se reflicten na listaxe anexa, concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno do día 15 de decembro de 2023, polo que se resolveu o concurso de subvencións de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións culturais e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais, na anualidade 2023, convocado mediante anuncio publicado no BOP n.º 104, de 8 de maio de 2023, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ASOCIACIÓN	ACTIVIDADE	CONCELLO	IMPORTE
ASOC. CULTURAL O CASTELO	ADQUISICIÓN DUN ORDENADOR PORTÁTIL	ALFOZ	570,00
APA IES RÍO MIÑO	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO TÉCNICO	RÁBADE	1.195,00

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Fecha y Hora	19/12/2024 13:00:01
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V4GB3JJEK7273UIHTCQHTKA	Página	74/74

